

Lecturas para ti




BIBLOLEIROS
Premio Nacional
María Moliner

Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

- * *Biblioteca Central Rialeda. Perillo*
- * *Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz*
- * *Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera*
- * *Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda*
- * *Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé*
- * *Biblioteca Pública Municipal Federico García Lorca. Montrove*
- * *Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós*
- * *Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros*

Catálogo do fondo bibliográfico:

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Páxina web das bibliotecas:

<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/bibliotecas>

Biblioteca Central Rialeda

Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

Tel.: 981 639 511

Fax: 981 639 996

Correo electrónico: **biblioteca.rialeda@oleiros.org**

Depósito Legal: C 1270-2012





Ofrecemos esta guía de lectura con recomendacións de obras que emocionan, divirten, entreteñen, informan, instrúen ou fan pensar; que invitan a coñecer mellor a nosa cultura ou outras diferentes; bos libros para ler, analizar ou mirar; películas ou discos para gozar e compartir.

Esta escolla foi realizada por diferente persoal das bibliotecas municipais polo que nela hai publicacións moi diversas. Trátase dunha selección de obras de autoras e autores galegos, españois e internacionais, para diferentes gustos, intereses e preferencias. Témolas nas nosas bibliotecas e pódense levar en préstamo.

Gustaríanos contribuír a espertar o pracer que pode proporcionar a lectura dun bo libro e animamos os pais, as nais e os irmáns e irmás maiores a que lles lean ás nenas e aos nenos máis pequenos. Desexamos colaborar no desenvolvemento dese amor pola lectura que axudará a comprender e coñecer mellor o mundo que nos rodea e achegar novidades ou obras clásicas que non seleccionásemos en guías anteriores.

A clasificación que figura é:

INFANTÍS E XUVENÍS:

- Poesía e teatro
- Libros de coñecementos
- Banda deseñada
- DVD e CD
- Libros para nenas e nenos menores de 6 anos
- Libros para nenas e nenos de 6 a 8 anos
- “ “ “ “ “ 8 a 10 anos
- “ “ “ “ “ 10 a 12 anos
- Libros para adolescentes de 12 a 14 anos
- Libros para maiores de 14 anos



PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS:

- Banda deseñada
- Obras literarias
- Libros de coñecementos
- DVD
- CD audio

Anhelamos que todas as persoas poidan atopar algunha obra que lles guste.



POESÍA E TEATRO INFANTIL E XUVENIL



Adiós ríos, adiós fontes

Rosalía de Castro. Ilustracións de Rodrigo Chao Blanco. Baía
Commemorando o Día de Rosalía de Castro polo 175 aniversario do seu nacemento, traemos hoxe este clásico da poesía galega magnificamente ilustrado.

O collarapo Croque

Miguel Ángel Alonso Diz. Ilustracións de Luz Beloso. Q de Vian Cadernos
O collarapo Croque preséntanos os diferentes poemas nos que son protagonistas outros animais como o gato, o paxaro, a lúa, etc.



Do A ao Z con... Castelao

Concha Blanco. Ilustracións de Manel Cráneo. Everest Galicia
23 historias ilustradas en torno a unha palabra que marcou a vida e/ou a obra de Castelao, un xeito divertido e orixinal de coñecer a un dos grandes clásicos da literatura galega.

Larpancia Saborosa do lobo e a raposa: farsa de monifates nun lance

Bernardino Graña. Embora
Pequena fábula teatral, de labregos, vilegos e animais protagonistas, que amosan o choque entre o mundo harmonioso do rural e o máis frívolo dos habitantes urbanos.



Parece unha rosa

Rosalía de Castro. Ilustracións de Isabel Pintado. Espiral Maior
Poesía acompañada dunhas fermosas ilustracións para que as nenas e os nenos gocen dos versos de Rosalía de Castro.

Poemas para la pupila

Juan Cruz Iguerabide. Ilustracións de Asun Balzola. Hiperión
Edición bilingüe, euskera-castelán, de poemas breves dedicados á lúa, á noite-día, ao vento, á auga, á neve, ás plantas, etc. Aí vai un simpático poema titulado «Tres amiguetes»: Orinan tres pilluelos, confluyen tres arroyuelos.



A princesa de Taramundi

Xoán Babarro González. Ilustracións de Spela Trobec. Embora
Saborosos versos de Babarro, fermosas rimas que nos presenta a esta graciosa princesa e o seu principado: «Vive nunha cabaniña de invisible celofán; as portas, prata de abrente, ventás, ouro de serán».



As trovas de Midas

Diana Varela Puñal. Ilustracións da autora e D'Navalha. Galebook
Poemas para os máis pequenos. Libro e CD-Rom.

LIBROS DE COÑECEMENTOS INFANTÍS E XUVENÍS




Animales sorprendentes del mundo

Peter David Scott. Ilustración de Peter David Scott. Juventud
Un libro con grandes ilustracións acompañadas dun pequeno texto informativo. Podes completar a información cunhas «notas de campo» que proporciona ao final do texto.



Árboles: de la semilla al imponente bosque

David Burnie. Oniro
Que é unha árbore?, o seu crecemento, tipos de bosques, por que algúns viven millóns de anos... Todo iso acompañado de páxinas despregables e un xogo de ordenador con actividades sobre o libro.



Construtores

Xulio Gutiérrez. Ilustracións de Nicolás Fernández. Faktoría K de Libros
Terceiro volume da colección Animais Extraordinarios no que se describen algúns dos niños, tobas e goridas máis espectaculares do reino animal.



En el tiempo de los dinosaurios

Mathilde Elie. Combel

O fascinante mundo dos dinosauros sedúcenos unha vez máis con este libro. Explicacións sinxelas, ilustracións e fotografías das últimas investigacións estimulan as nosas ganas de seguir coñecendo o mundo da paleontoloxía.



Esfinge: relatos de pensamento creativo

Carlos L. Medrano. TresCtres

Para mentes inquedas: colección de 50 enigmas para todos os gustos: fáciles, medios, difíciles, moi difíciles e diabólicos. Protagonizados por detectives, espías, atletas, piratas... Un desafío para pór a proba a lóxica, a intuición e a imaxinación.


Explorar y crear: 35 traballos artesanais con materiais encontrados en la naturaleza

Clare Youngs. Juventud

Os paseos polo monte ou pola praia son unha fonte de pracer en si mesmo ademais de proporcionarnos os obxectos necesarios para elaborar os detalles decorativos e/ou prácticos que suxire este divertido volume.

Fibonacci: el soñador de números

Joseph D'Agnese. Ilustracións de John O'Brien. Juventud
Na Italia do Medievo había un neno do que todos se burlaban por pensar obsesivamente nos números e resultou ser un dos máis grandes matemáticos da Historia, Fibonacci.




Isto é Londres

Miroslav Sasek. El Patito editorial.
Un xeito divertidísimo de coñecer en profundidade a que foi a cidade máis grande do mundo, una viaxe pola City onde aprenderás todo sobre ela.

Isto é París

Miroslav Sasek. El Patito editorial.
Un álbum ilustrado publicado en 1959, amósanos París, os seus monumentos, os seus habitantes, a súa historia, a vida, o ambiente... un xeito distinto de coñecer esta gran cidade.





El libro de las pequeñas cosas de Nina

Keith Haring. Gustavo Gili

Fermoso libro para os/as amantes da arte, que nos propón unha chea de actividades para colorear, pegar, escribir... Lindo agasallo do artista plástico Keith Haring a Nina, unha nena no seu sétimo aniversario, co que hoxe podemos xogar todos/as nós.

Ola, ola, la!

Mamá Cabra. Ilustracións de Kristina Sabaite. Galaxia

LIBRO + DVD Karaoke + CD.

Un novo libro de Mamá Cabra para aprender e, sobre todo, divertirse cantando.


BANDA DESEÑADA INFANTIL E XUVENIL



Carapuchiña vermella

Martin Powell. Ilustracións de Víctor Rivas. El Patito Editorial.

Cómic xuvenil no que o guionista Martin Powell e o debuxante Víctor Rivas revisitan un auténtico clásico.



Historias de mestre raposo

Bruno Heitz. Kalandraka

Adaptación ao cómic do clásico francés medieval no que un ousado raposo parodia a épica e a novela cortesá da época.

Luis vai á praia

Guy Delisle. Faktoría K de libros.


Un cómic sen palabras que conta todo o que lle aconteceu a Luís un día que decidiu ir á praia, desde o amencer ata o anoitecer.

La maldición de los treinta denarios. Tomo 1

Jean Van Hamme. Ilustracións de René Seterne. Norma

Trepidante acción nesta aventura de Blake e Mortimer, un, oficial do servizo secreto, o segundo, físico nuclear, que inician a investigación en torno ao cofre atopado nas ruínas dun mosteiro grego e o seu asombroso contido.





A noite das cacharelas

Pepe Carreiro. Ilustracións do autor.
Toxosoutos

Outra entrega da saga dos Barbanzóns, esta vez é a festa do solsticio de verán, a noite máis curta do ano. Fogueiras, cancións, comida, bebida: unha festa en toda regra.

DVD E CD INFANTÍS E XUVENÍS



Cómo entrenar a tu dragón

Dreamworks

Baseada no libro infantil de Cressida Cowell, narra a historia de Hipo, un adolescente viquingo, que vive nunha illa atacada permanentemente por dragóns. Este é apuntado, xunto cos outros adolescentes da tribo, ao adestramento para loitar cos dragóns, pero este atoparase cun dragón ferido e isto cambiará a historia da illa.

El diario de Greg

Thor Freudenthal. Fox 2000 pictures
Greg, aos seus 11 anos, quere ser o neno máis popular da súa clase. Non lle gusta o colexio e inventará diferentes maneiras para pasalo ben.

Enredados

Walt Disney Company

Historia de amor entre Rapunzel e o bandido Flynn Rider, este agáchase nunha torre onde toma como refén á moza, que está alí encerrada. Está chegará a un acordo co ladrón para saír do seu cativerio.



Gnomeo y Julieta

Kelly Asbury. Buena Vista Entertainment

Historia de amor entre dous ananos de xardín que terán que superar moitos obstáculos para vivir o seu amor ao verse envoltos nunha disputa entre veciños. Con cancións clásicas de Elton John.



Gru, mi villano favorito

Chris Renaud e Pierre Coffin. Universal Pictures.

Gru ten un malévolo plan: apoderarse do mundo, pero tres pequenas orfas farán que a súa reputación de «super vilán» estea en perigo.



Percy Jackson y el ladrón del rayo

Chris Columbus. Twentieth Century Fox Home Entertainment España

Percy descubre que é o fillo de Poseidón, e que os seus amigos son, tamén, semideus e sátiro. Terá que conseguir, en dez días, superar unha serie de obstáculos para reparar a orde cósmica.

Tiana y el sapo

Dirixida por John Musker e Ron Clements. Disney

Tiana besa a unha ra, pero non acontece o esperado. O clásico conto da princesa e o sapo contado a ritmo de jazz e desde Nova Orleáns.


Vipo: las aventuras del perro volador

Warner Bros

Vipo, un can de orellas grandes, vai coñecer mundo cos seus amigos Henry e Betty.



LIBROS PARA NENAS E NENOS MENORES DE 6 ANOS



Andrés cabeza abaixo

Pablo Albo. Ilustracións de Roger Olmos. OQO

Este pertence aos chamados contos acumulativos: o pequeno Andrés é papado por un ogro, que papou un dragón que papou un oso que papou... Impactantes ilustracións.



O carameliño sen cor e sen sabor

Adelaida Pittaluga Albo. Ilustracións de Francisco López. Nova Galicia

Haberá cousa máis triste que nacer lambetada sen cor nin sabor? Isto aconteceu a un carameliño nunha fábrica de doces, pero a historia pode cambiar...

¿De quién es esta nariz ?

Carmen Gil. Ilustracións de Jo Moon. Combel

Le o texto rimado e fíxate no debuxo para que adiviñes o animal que hai detrás de cada solapa.

¿De quién son estas rayas?

Fiana Munro. Ilustracións de Joo Moon. Combel

Un texto rimado correspóndese co debuxo dun animal que hai detrás de cada lapela.

De cores e de amores

Xabier P. Docampo e Xosé Cobas.
Galaxia

Libro fundamentalmente estético que comeza cun fondo branco para resaltar as cores. Ocupa as páxinas co resultado de mesturar estas, as sensacións que producen e as diferentes posibilidades na combinación. Unha obra plástica cun toque de poesía.



Fiz, o coleccionista de medos

Fina Casalderrey. Ilustracións de
Teresa Lima. OQO

Invitación para que nos riamos de nós mesmos, acompañado das cálidas ilustracións deste álbum. Fiz é un neno moi medroso e vai mettendo (por consello da súa avoa) todos os seus medos nun baúl. Pero un día abriroa xunto con tres amigos, que pasará entón?



Letra a letra

Àngels Navarro. Combel

Todas as letras do abecedario representadas, cada unha delas, de xeito moi singular. Para xogar e adiviñar cada unha do A ao Z con propostas moi divertidas.

Las manos de papá

Émile Jadoul. Corimbo

As mans grandes dun papá acariñan o seu bebé desde a barriga da nai ata que comeza a camiñar. Doces e tenros momentos para papás, mamás e fillas/os.





A máscara do león

Margarita del Mazo. Ilustracións de Paloma Valdivia. OQO

No máis profundo da sabana había un león que tiña sempre un enorme sorriso...

Fermoso relato cunhas coloridas e simpáticas ilustracións que conta as discrepancias entre un pai e o seu fillo, pero que enxalza o valor da amizade e o poder do sorriso fronte ao medo.

Otto el oso del libro

Katie Cleminson. Juventud

Otto vive dentro dun libro pero un día decide explorar e atópase...



Qué leen los animales antes de dormir

Noé Carlain. Ilustracións de Nicolas Duffaut. Juventud

Cal será o relato preferido dun lobo antes de durmir? Pois «Os tres porquiños». Os máis queridos para as cegoñas? Os libros de bebés. E para os camaleóns? Os libros para colorear.

El rey Hugo y el Dragón

Peter Bently. Ilustracións de Helen Oxenbury. Juventud


Hugo e os seus amigos constrúen un castelo para loitar contra os dragóns pero chega a noite e cada un ten que ir para a súa cama. Unha historia sobre a valentía e sobre o medo.



Rodribico e a noite

Manuel Guisande. Ilustracións de Xosé Tomás. Baía

O paxaro Rodribico descubre un increíble mundo nun paseo polo bosque nunha noite de insomnio. Son as horas dos animais nocturnos, os seus xogos, as súas diversións...



Sueños de nieve

Eric Carle. Kókinos

Un libro con sorpresa sonora que engaiola os/as máis pequenos/as da casa coas súas cores alegres e efectos especiais.

O tigre que veu tomar o té

Judith Kerr. Kalandraka

Sofía vai recibir unha visita inesperada á hora do té: un enorme, peludo e raiado tigre.



Todos los besos

Bisinski Sanders. Corimbo

Ata catorce tipos de bicos neste álbum de follas duras e resistentes. Bico de mamá, de peixe, con barba que pica, bi-cóxeiga. Descóbreos e complétaos cos que ti coñeces e que non veñen no libro!



Yo

Philip Waechter. Lóguez

Froito do traballo deste ilustrador alemán, «Yo» é un libro sobre a amizade a través da figura dun oso. Un animal que para ser feliz, necesita un amigo. Un libro delicioso, divertido e sabio en pequeno formato e dunha grande calidade estética.



Á sombra dos anacardios

Antón Fortes. Ilustracións de Simona Mulazzani. OQO

A SIDA vista por unha nena de Guinea Bissau que vive feliz na súa aldea coa súa nai e o resto da súa familia. Ten un único desexo que é curar da súa enfermidade para non ter que volver ao hospital.



Un amor de botón


Pauline Carlioz. Combel

Todo por un botón, mellor dito, por dous. Enriqueta e Gabriel coñécense grazas a iso que acontece moitas veces: os botóns mal cosidos nos gabáns que se acaban de mercar.

Animais enCantadores

Susa Herrera. Ilustracións de María Noel Toledo. Primerapersona. Contén 1 CD

Divertidísimo libro para toda a familia, un libro para ler e para cantar, onde dez animais nos contan e nos cantan as súas historias.



Biblioburro: una historia real de Colombia

Jeanette Winter. Juventud

A fermosa historia de Luis, un bibliotecario de Colombia que reparte libros e soños ao lombo de dous burriños.



Un bico de amor e vida

Xosé A. Neira Cruz. Ilustracións de Enjamio. Galaxia.

Conto tradicional da Sereíña a cargo de Xosé A. Neira Cruz, coa colaboración da Real Filharmonía de Galicia quen puxo o marco musical e da voz da actriz María Inés Cuadrado.



Bicos de sol

Asun Estévez. Ilustracións de M^a Xosé Fernández. Ir Indo

Precisamos os bicos en calquera momento. Máis nas situacións difíciles: os de Sofía van axudar a súa nai a superar unha enfermidade complicada.



Galletas chinas


Antonio Skármeta. Ilustracións de Emilio Urberuaga. Serres

Divertido relato do escritor chileno sobre Daniel, un neno aprendiz de panadeiro, que inventará un novo «formato» reposteiro: as chilean cookies.

El hilo de Ariadna

Javier Sobrino. Ilustracións de Elena Odriozola. Thule

O delicado fío da protagonista, Ariadna, ademais de ser máxico e proporcionarlle mil aventuras, axudaralle a volver a casa.



Juana Sin Miedo

Ana Alonso. Ilustracións de Ester García. Editorial Anaya

Esta é unha historia de aventuras na que a súa protagonista, Juana, faranos ver a importancia de preservar os animais mamíferos no seu medio natural.



Matías, un pito de campeonato

María Canosa. Ilustracións de David Soler. Galaxia

Pito curioso este Matías, que se sae do habitual no mundo dos pitiños e galiñas...

Malena ballena

Davide Cali. Ilustracións de Sonja Bougaeva. Libros del Zorro Rojo

Unha historia de superación de complexos escrita con humor.

O medo de Mo

Xosé A. Neira Cruz. Ilustracións de Sara Rojo Pérez. Macmillan

Outra noite máis, a bruxiña Mo esperta asustada polo soño de nenos ríndose dela...



Misterio na selva de Ngorongón

Alberto Varela Ferreiro. Galaxia
O bruxo Ngorongón ía case todos os días buscar á selva plantas medicinais. Sempre levaba algo de medo, por iso poñía a máscara de asustar...



A noite das filantes

Xabier P. Docampo. Ilustracións de Xosé Cobas. Galaxia

Aquela noite de agosto, unha estrela filante chegou ao chan, onde caería?

Pinoquio

Guillaume Frolet. Ilustracións de Estudio Escletxa. Baía

Nova adaptación do clásico de Carlo Collodi. Neste caso para os máis pequenos e cunhas ilustracións cheas de colorido e forza visual.



Roc aprende a leer

Tad Hills. Juventud

Roc atópase un paxariño que sabe ler, a Roc non lle interesa pero pouco a pouco o seu novo amigo o vai afeccionando ata que aprende. Unha historia sobre a importancia da lectura.

O soldadiño de chumbo

Rosa Fuentes. Cumio

O clásico de Andersen que nunca cansa, o amor do soldadiño e a bailarina fundíndose para sempre...



Soño de pixamas

Fran Nuño. Ilustracións de Alberto Toval. Embora

Imaxina que o teu e todos os pixamas abandonan o seu traballo nocturno e durante un tempo son o vestido habitual das persoas durante o día...





O souto escuro e perigoso

Miguel Vázquez Freire. Ilustracións de Xosé Tomás. Xerais

Nun souto moi grande, escuro e perigoso vivían un lobo, un oso e un coello...

PARA NENAS E NENOS DE 8 A 10 ANOS



15 historias de princesas y hadas

AA. VV. Piruleta

Contos de princesas e fadas para todos os gustos.

Las alas de Diego

Jean-Jacques Marimbert. Ilustracións de Sibylle Delacroix. Edelvives
A bolboreta de Diego é para el algo máis que un agasallo de seu pai: con ela síntese como el é, alguén diferente.



Corazón de pedra

Agustín Fernández Paz. Ilustracións de Federico Delicado. Oxford
Brenda é unha nena á que lle apaixonan os dragóns. Durante unhas vacacións de verán, nunha vivenda rural coñece unha lenda dun fero dragón desaparecido. Un día paseando polo bosque descobre unhas rochas e cre que é o dragón fosilizado esperando a que alguén o esperte. Lograrao?



Un furacán chamado Otilia

Víctor Raga. Ilustracións de Montse Español Rodié. Xerais
Divertidas narracións acompañadas de táboas, curiosidades e experimentos para aproximar a ciencia dun xeito lúdico.



Junie B. Jones busca mascota

Barbara Park. Ilustracións de Denise Brunkus. Bruño

A clase de Junie vai celebrar o Día da Mascota pero ela non pode levar a Cosquilla, o seu can, porque no seu cole non están permitidos os cans. Junie ten que buscar outra mascota, pero os seus pais non lla queren comprar. Como a conseguirá?



Max y Moritz: una historietita en siete travesuras

Milhelm Busch. Impedimenta

Narra sete fatídicas travesuras dos malvados Max e Moritz. Está considerado un dos contos máis famosos e divertidos do mundo.

La niebla apestosa

Joles Sennell. Ilustracións de Marc Torrent. Bambú

Un cheiro fedorento estraga o bosque dun afastado reino. Será quen o benxamín do rei de pescudar a orixe e arranxar o tufo. Axúdalo?



Rosalía e os equinodermos

Antón Cortizas. Ilustracións de Marta Álvarez Miguéns. Tambre

O día en que recibe de regalo de aniversario un lapis verde, Rosalía non consegue durmir ben. O seu lapis ten o don de relatar historias maravillosas!

El señor H

Daniel Nesquens. Ilustracións de Luciano Lozano. Bambú

Un hipopótamo decide marchar do zoo para volver á selva. Deambula pola cidade sen que ninguén se estraña. Que ocorre, que a xente non se sorprende?

Os tratantes de papagaios

Leticia Vila Sexto. Ilustracións de María Lires. Galaxia

Unha historia na que o protagonista ten o don de entender a fala dos animais, ten que protexer os animais dos traficantes de especies exóticas e hai tesouros de esmeraldas. Nada menos!



Unha vida de ra

Rafael Laso Lorenzo. Ilustracións de Rodrigo Chao. Tambre

De como a «Ra mona» se converte en Ramona, o nome da ra máis falangureira do mundo das pozas.





Aún te quedan ratones por cazar

Blanca Álvarez. Ilustracións de Laura Catalán. Anaya

IX Premio Anaya de Literatura Infantil e Xuvenil.

Ryo é un mozo xaponés que recorda as palabras que o seu pai lle dixo antes de partir á guerra. É unha tenra historia sobre o primeiro amor, a perda da infancia e todo isto no medio da guerra en que estaba o seu país.

El balonazo

Belén Gopegui. Ilustracións de Enrique Flores. SM

Daniel está farto e quere aprender a xogar ao fútbol para ganar a final. Unha novela sobre a dificultade de distinguir a verdade e a mentira, o xusto e o inxusto.

Bat Pat. Nunca bromees con un samurái

Roberto Pavanello. Montena

Outra emocionante e divertida historia de Bat Pat e os seus amigos nun país tan diferente como Xapón.



A caza do ghazafello

Denis M. Música de Carlos Paino. Ilustracións de Sara López. Interpretación pola Orquestra das ánimas e con voces de Antón Reixa, Xurxo Souto, Ugia Pedreira, etc. Libro-disco. Xerais.

Divertida obra de aventuras na que un neno ten que ir cazar ghazafellos a unha fraga... Segundo se vai lendo hai que ir escoitando determinadas cancións.



A chave da Atlántida

Anxo Fariña Temprano. Xerais Premio Merlín de Literatura Infantil 2011

Os científicos do «Proxecto Prometeo» crearon A-cero, realizado a partir duns pergamiños atopados na fosa Kermadec, cando indagaban sobre a cidade asolagada da Atlántida.



Chrystyan Magic atrapado na torre

Xoán Babarro e Ana M^a Fernández. Ilustracións de Marta Rivera Ferrer. Everest Galicia

Maxia e aventuras para facer realidade os soños.





Detrás de las ventanas encantadas


Cornelia Funke. Ilustracións da autora coloreadas por Yvonne Ziegenhals-Mohr. Siruela.

A Xulia e ao seu irmá, Oli, regálanlle uns calendarios polo Nadal, no de Xulia, que aparentemente é só de papel, ao abrir unha das ventás iniciárase unha misteriosa aventura.

Diario de Greg 3. ¡Esto es el colmo!

Jeff Kinney. Molino

O pai de Greg está empeñado en cambiar o seu fillo, incluso chega a ameazalo con enviálo a unha academia militar, así que Greg vese obrigado a poñerse as pilas.



Galego. Á beira do mar

Juan Farias Díaz-Noriega. Ilustracións de Xosé Cobas Gómez. Kalandraka

Fermoso libro que nos presenta as lembranzas dun home maior ao que lle chaman «O Rapaciño», o seu amor, os recordos do seu mellor amigo, como leva a vellez, a relación coa familia, principalmente co seu neto «O Pecas», a soidade e a nostalgia. Obra tenra e emotiva, cun texto moi coidado e unhas delicadas ilustracións.

Mago por casualidad

Laura Gallego. Ilustracións de José Luis Navarro. Bruño

Historia fantástica onde aparecen ogros, magos, fadas, dragóns e un mozo que recibe, por casualidade, uns poderes que non eran para el.



Os Megatoxos e a cara oculta de Lúa

Anxo Fariña. Xerais

Continúan as aventuras deste catro mozos que levan unha dobre vida: as clases no instituto e a procura dunha cura para a súa mutación xenética, un cambio provocado por unha planta moi especial, o Toxo.

Meu irmán o xenio

Rodrigo Muñoz Avia. Ilustracións de Jordi Sempere. Rodeira

Lola, ten 10 anos e xoga nun equipo de fútbol, afeción que non é moi respectada na súa familia, onde todos son músicos e sempre é comparada co seu irmán, un xenio do piano.



El misterio del tren fantasma

Thomas Brezina. Ilustracións de Pablo Tambuscio. SM

Max quería amosarlle á súa irmán que era moi valente, por iso foi no tren pantasma, alí atopouse con todo tipo de personaxes arrepiantes. O medo, a amizade e o humor mestúranse neste libro dun xeito xenial.



O misterio do faro vello

Fina Casalderrey. Ilustracións de Manuel Uhía. Xerais


Lorena e os seus amigos queren descubrir as orixes das misteriosas bólas de luz que flotan sobre o faro vello...



Los misterios del callejón Voltaire: una copa de veneno

Pierdomenico Baccalario, Alessandro Gatti. Mensajero

Literatura de misterio e detectives en clave infantil. Os membros do grupo «callejón Voltaire» están moi interesados polas novelas de detectives e deciden formar un grupo para loitar contra o mal. Todo coincide coa morte dunha rica condesa e a acusación do señor Deloffre, que pasou unhas vacacións con ela, dun dobre homicidio. Todo isto fai que os detectives de «el callejón Voltaire» comecen a investigar.



Mundo Arb

Manuel Lourenzo González. Xerme Premio Barco de Vapor 2011

Historia dun pobo que vive nas polas das árbores «Os Arborenses». Cren que non existe ningún mundo máis ca o seu ata que uns mozos emprenden unha viaxe chea de riscos onde coñecerán xentes moi diferentes a eles.

Un mundo de cuentos: cuentos populares de los cinco continentes

Anna Gasol. Ilustracións de Mercè López. Juventud

Xeración tras xeración van pasando as historias en todos os recantos do mundo. Nesta escolma hai 36 lindas mostras dunha tradición que nunca acabará: contar a vida.

Princesa del desierto

Tea Stilton. Ilustracións de Silvia Bigolín. Destino

Terceiro título da colección «Princesas del Reino de la Fantasía», aventura fascinante nas áreas do deserto coa princesa Samah.

A rapaza da fiestra

Xavier Estévez. Ilustracións de Fernando Llorente. Tambre

Cando Lucas decide probar o telescopio que lle regalan os pais polo seu aniversario, non imaxina a sorpresa que lle espera do outro lado da súa fiestra.

Robinson contado polas alimarias

Marilar Aleixandre. Ilustracións de Federico Delicado. Oxford

Historia de Robinson Crusoe contada desde o punto de vista dos animais que viven na illa. Segundo eles, el (ao que chaman Tinga) non sobreviviría sen a súa axuda.





Secuestro en el Caribe

Lauren St. John. Ilustracións de David Dean. Bambú

Laura Marlin é a detective máis nova da literatura. Neste caso viaxa ata unha illa paradisíaca no Caribe na que no canto de gozar dunhas increíbles vacacións, pode perder a vida...



A Torre das Laverças

Daniel Ameixeiro. Ilustracións de Irene Fra. Xerais

Hai algo nesa casa, chamada Torre das Laverças, que unha e outra vez chama por el. E alí vai, reencontrase co pasado e chora, e é entón cando escoita esa voz...



PARA NENAS E NENOS DE 12 A 14 ANOS



La casa de los mil pasillos

Diana Wynne Jones. Nocturna
A moza Charmaine Baker, afecionada aos libros, sen aparentes capacidades para a maxia, vese ao coidado dunha casa que parece ter vida propia, con portas que dan acceso a non se sabe onde, feitizos que saen mal...

Donde los árboles cantan

Laura Gallego García. SM
Novela xuvenil ambientada no Medioevo. Viana e Robian están prometedos desde nenos pero este ten que marchar á guerra. Viana só pode esperar o seu regreso pero algo sucederá no Gran Bosque, o lugar onde as árbores cantan.



En tierra de indios: el descubrimiento del Lejano Oeste

Philippe Nessmann. Bambú
Emocionante relato que narra a expedición en 1804 dos capitáns Lewis e Clark, desde a Luisiana ata o Pacífico. Para iso contarán coa inestimable axuda da india Sacagawea, a súa intérprete. Nesta longa viaxe vivirán todo tipo de dificultades e trepidantes aventuras.





Lu e Go pola muralla

Antonio Reigosa. Alfaguara Obradoiro

O mesmísimo Álvaro Cunqueiro guía as aventuras dun gato negro e un rato branco polas murallas de Lugo na procura dun fabuloso tesouro.

Noutra dimensión

Marica Campo. Ilustracións de Noemí López. Galaxia

Obra de misterio e aventuras fantásticas na que nos mostra as ansias de descubrir novos horizontes do seu protagonista.



Oksa Pollock y el descubrimiento de Edefia

Anne Plichota. Planeta

Oksa Pollock sempre pensou que era unha rapaza como outra calquera, non podía estar máis equivocada...

Parque Muerte

Fernando Lalana. Edebé

A unha multinacional armamentística non se lle ocorre mellor idea que crear un gran parque de atraccións onde a temática é a morte, e todo funciona ata que se dá unha nova situación que aínda mete máis medo.



Reckless: carne de pedra

Cornelia Funke. Xerais

Volume que inaugura a pentaloxía da pedra: primeiro de cinco libros inspirados en contos tradicionais europeos. Este primeiro está inspirado nos contos dos irmáns Grimm. Atención: o cuarto volume inspira-se en contos con presenza do universo máxico galego.



Rubí


Kerstin Gier. Montena

A familia de Gwen garda moitos segredos, o que ela non sabe é que o maior segredo que garda a súa familia é ela mesma, xa que é a última viaxeira no tempo e ten unha importante misión que cumprir.

Suso Espada: «Nota Roja»

Francisco X. Fernández Naval. Ilustracións de Beatriz García Trillo. Everest Galicia

Terceiro libro protagonizado polo detective Suso Espada. Intriga asegurada, ambientada esta volta na cidade mexicana de Oaxaca, onde terá que solucionar un caso de secuestro.




Aire negro

Agustín Fernández Paz. Xerais
Reedición desta clásica obra de suspense e intriga na que as lembranzas de Laura nos achegarán á súa historia de amor pero tamén a unha ameazante situación.

Cacaborro

Xavier López Rodríguez. Everest
Álvaro acaba sendo o único amigo dun vello ao que os veciños do lugar alcuman Cacaborro. Pouco a pouco, coñece e comparte historias e mundos maravillosos, e tamén escenas arrepiantes.




Centauros do norte

Marcos Calveiro. Rodeira
Premio Raíña Lupa no ano 2010.
Fermosa novela que coa súa forza literaria consegue introducirmos na revolución mexicana e retratarnos a vida de diferentes personaxes, algúns baseados en persoas reais e outros inventados polo autor. Fálanos de loita, vinganza e paixón. A loita propia da revolución, a vinganza dun rapaz que se debate entre o seu desexo de vingarse (asasinaran o seu pai) e o seu respecto pola vida e a paixón na historia de amor que se desenvolve entre Rafael e Reina Huarte. Asistimos á evolución de Rafael e Reina, de idades similares pero con maneiras distintas de ver o mundo e de reaccionar ante el.

Ciudad de huérfanos

Avi. Bambú

Coñece a Maks, un rapaz de 13 anos inmigrante en Nova Iorque xunto á súa familia na procura dunha vida mellor. Maks é repartidor de xornais que ten que zafarse dunha banda que o ameaza e que tentará axudar a súa irmá maior, xulgada por un roubo que non cometeu.




A Cova das Vacas Mortas

Jaureguizar. Xerais

Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, 2006

Xoel é un mozo que vive coa súa nai, de orixe alemá, nunha comuna de Negueira de Muñiz. Seu avó colaborou coa polémica directora de cine acusada de simpatizar co réxime nazi. Interesante novela que mestura misterio e reflexión.



As fronteiras do medo

Agustín Fernández Paz. Rodeira

As/os que queiran pasar medo deben ler esta obra formada por seis relatos breves nos que aparece o fantástico e o sobrenatural, pero tamén o misterio dos monumentos megalíticos a través das súas lendas.





La isla de Bowen

César Mallorquí. Edebé

Premio Edebé de Literatura Xuvenil 2012

Emoción e xiros inesperados para esta novela ao xeito de Jules Verne. Aventura científica ambientada na Europa de 1920 que nos levará ata unha misteriosa illa no Ártico.

Legado

Christopher Paolini. Roca editorial
Será quen Eragon de derrotar o malvado Galbatorix e liberar Alagaësia da súa tiranía? A esperanza do imperio descansa nas súas mans.



Lena e o lobishome

Carlos Laredo. Tambre

Un vello mosteiro no medio da fraga envolve a situación fantasmagórica que vivirá Lena á volta dunha verbena de verán. Paixóns e vinganzas soterradas van emerxer outra volta na vida da aldea.

¡Maldito D.N.I.!

Pepe Carballude. Xerais

Reedición deste libro clásico que nos mostra, de forma humorística e con situacións disparatadas, como é difícil vivir indocumentado nun mundo controlado pola información e o estado.


As meigas de Lupa

María Solar. Xerais

Novela de intriga no século XXI, pero tamén unha viaxe no tempo á Galicia castrexa.

O mundo secreto de Basilius Hoffman: o ladrón de soños

Fernando M. Cimadevila. Ilustracións de Iván Valladares. Urco Editora
Primeira de cinco novelas do ciclo de Basilius Hoffman: arqueólogo, historiador, e explorador de mundos ocultos, que guiará ao seu sobriño Peter nunha viaxe na que lendas e mitos converxen nunha revelación transcendental para o destino da humanidade.



Oliver Twist

Charles Dickens. Galaxia

Un neno orfo criado nun hospicio vai medrando no medio dun montón de dificultades e aventuras.

Pomelo y limón

Begoña Oro. Ilustracións de Ricardo Cavolo. SM

Xurxo e María quérense e ti terás cousas mellores que facer que miralos..., por exemplo, querer a alguén.



Simple

Marie-Aude Murail. Anaya
Bernabé ten 22 anos pero un coeficiente intelectual dun neno de 3. A autora consegue que vexamos o mundo cos ollos de Bernabé a través dun retrato dunha exquisita sensibilidade.




Sueña

Lisa McMann. Everest
Jannie ten dezasete anos e unha rara habilidade: métese nos soños doutras persoas. O que nunca imaxinara é ser abducida por un pesadelo tan arrepiante.

O tesouro da corsaria

Rafael Lema. Tambre
Aventura da pirata Raposa Vermella, na procura do tesouro afundido da pirata Anne Bonney, muller do célebre Barbanegra, nas costas estadounidenses.



A viaxe do Ser

Manuel P. de Lis. Xerais
Dúas viaxes nunha: ao nacente do río Ser, na serra dos Ancares e ao interior do protagonista. Narración intensa e por veces «espiritual» que nos conecta coa natureza ambiental e a nosa propia.

BANDA DESEÑADA PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS



La anciana que nunca jugó al tenis y otros relatos que sientan bien

Guión, Zidrou. Ilustracións, VV.AA.
Norma

Historias de personaxes da vida cotiá, relatos cheos de tenrura, que achegarán ao lector unha mensaxe de optimismo.

El arte de volar

Antonio Altarriba. Ilustracións de Kim. Edicións de Ponent
Premio Nacional de Cómic 2010.

Libro que parte dun feito real, o suicidio de Antonio Altarriba Lope, pai do guionista.

Os Catro Grandes

Alain Paillou. El Patito Editorial
Adaptación de Paillou sobre unha novela de Agatha Christie. O detective Hércules Poirot, axudado polo capitán Hastings, loita cunha banda internacional de criminais que pretende dominar o mundo.






Cinco mil kilómetros por segundo

Manuele Fior. Sinsentido

A historia a través do tempo do amor adolescente de Piero y Lucía, premiada Fauve d'Or (mellor álbum) no Festival de Angoulême 2011.



Isaac el Pirata: Jacques

Christophe Blain. Norma

Continúan as aventuras do mozo Isaac enrolado nun barco pirata e separado da súa amada Alice na Francia do século XVII.




Lobezno

Debuxante Das Pastoras; texto, Clark e Gischler. El Patito editorial
O clásico de Marvel revisitado por un dos debuxantes máis importantes do cómic actual, o galego Das Pastoras.

Néve

Guión, Dieter. Ilustracións de Emmanuel Lepage. Norma

Néve, fillo dun famoso alpinista, medrará ante a nosa mirada a través das súas expedicións ás montañas máis belas do planeta.




Nómades

Xosé Tomás. Galaxia

Relatos sobre mulleres emigrantes baseados en experiencias reais recollidas polo autor.

Novas aventuras de Dick Turpin

Victor Mora, guión. Ilustracións de Martín Salvador. El Patito Editorial
Dezaseis entregas da serie clásica creada nos anos 70 por Víctor Mora e Santiago Martín Salvador, inspirada na vida do bandoleiro inglés do século XVIII Richard Turpin.




OBRAS LITERARIAS PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

A Siberia

Per Petterson. Mondadori

A narradora recorda a súa infancia nunha granxa, en Dinamarca, durante a ocupación nazi.



Alcazaba


Jesús Sánchez Adalid. Martínez Roca

Premio de Novela Histórica Alfonso X el Sabio 2012, está ambientada no século IX, en Mérida, onde conviven xudeus, musulmáns e cristiáns no medio dun ambiente de revoltas onde as distintas culturas só se toleran en aparencia.

Anticuentos completos

Juan José Millás. Seix Barral

Recompilación de relatos breves.



Años lentos

Fernando Aramburu. Tusquets

VII premio Tusquets de novela. Narra a vida dun neno de oito anos que vai vivir a San Sebastián cos seus tíos e curmáns, un deles, Julen, irase internando nos círculos de ETA. Novela que amosa os efectos que o franquismo deixou na sociedade vasca.

A batalla do paraíso triste

Xosé Ramón Pena. Xerais

Recreación da Lisboa da II Guerra Mundial onde se atopa o autor de O principiño antes de partir para América.

Cabalo de ouros

Víctor F. Freixanes. Galaxia

Na Galiza da posguerra, nos anos en que o wolfram enriqueceu a máis de un, unha serie de persoas xóganse a vida nunha intensa partida de napes que dura tres días e tres noites.

La dama del lago

Andrzej Sapkowski. Bibliópolis

Última novela, en dous volumes, da Saga de Geralt de Rivia. Para os amantes da literatura fantástica.

De acero

Silvia Avallone. Alfaguara

Anna e Francesca son dúas adolescentes que viven nun barrio obreiro onde a delincuencia e as duras condicións de vida non deixan moita marxe para a esperanza.

De sombras e poemas que son casas: antoloxía poética sonora

Xosé María Álvarez Cáccamo. Cumio

Non só é unha recompilación de poemas do autor, tamén é un arquivo sonoro para poder escoitar coa súa propia voz o recitado dos seus poemas.




De vidas ajenas

Emmanuel Carrère. Anagrama
O autor foi testemuña de dúas mortes que o conmoveron, a de unha nena de catro anos no tsunami de Sri Lanka do 2004 e a morte por cancro de mama da súa cuñada, unha muller nova con tres fillas. Por encargo das familias decide escribir sobre iso.



Deter o día cunha flor

Luz Pozo Garza; il. José Valentín. Baía
Poemario de Luz Pozo acompañado das fermosas ilustracións de José Valentín.



El dictador y la hamaca

Daniel Pennac. Mondadori
Cando Manuel Pereira da Ponte, dictador latinoamericano, decide fuxir das multitudes despois da súa visita a unha santeira, busca un dobre para que o substitúa pero á súa vez este ten que buscar outro dobre cando decide ir a Hollywood para converterse en actor e así sucesivamente coma se se tratara dunha caixa de bonecas rusas.



Diez mujeres


Marcela Serrano. Alfaguara
Nove mulleres moi diferentes entre si e que nunca se viran antes, comparten as súas historias.

Do ventre da cóbrega

Xavier Seoane. Espiral Maior
Seoane é, sen dúbida, un dos poetas máis importantes da literatura galega actual e en este novo poemario non fai máis que confirmalo.

En el país de la nube blanca

Sarah Lark. Ediciones B
O primeiro libro dunha triloxía que bate récords de ventas no mundo, fala de dúas mulleres de distinta clase social que emprenden unha nova vida na Nova Celandia acabada de colonizar, de como forman a súa saga familiar, dos seus medos, das súas paixóns...



Extramunde

Xabier Queipo. Xerais
Premio Xerais de Novela no 2011
Novela de aventuras que narra unha viaxe que vai dende San Andrés ata Borneo e retrata a sociedade galega do século XVI presentando o enorme poder da igrexa, coa Inquisición, que fai queimar mulleres ou embarcar aos marxinados.



El final del amor

Marcos Giralt Torrente. Páginas de Espuma
Catro relatos arredor do amor e as súas posibilidades, levados dun xeito intenso e emocionante.





Futuro imperfecto

Xulia Alonso Díaz. Galaxia

A propia autora define a historia como unha cápsula de memoria, da súa propia memoria, que nos leva á década dos 80, onde a vida se presenta cun aire novo...

Haberá Primavera: catorce poemas, catorce cancións

Álvaro Cunqueiro e César Morán. Galaxia

César Morán pon música aos poemas de Álvaro Cunqueiro nunha viaxe sonora desde as partituras á lírica do poeta. Contén dous CD de audio, un deles cunha entrevista a Álvaro Cunqueiro.



Los hijos de los días

Eduardo Galeano. Siglo XXI

Curiosidades da historia da humanidade contadas co estilo lúcido e inconfundible de Galeano.

La huella del hereje

Susana Fortes. Planeta

Unha moza aparece morta na catedral de Santiago ao mesmo tempo que desaparece un importante manuscrito de Prisciliano. Novela de intriga ambientada en Compostela.



Iria

Anxo Angueira. Xerais

Iria é un pequeno galeón a vela co que o autor nos levará de viaxe pola Arousa e polo Ulla de finais dos anos 60 do pasado século, cando se estaba a organizar a primeira resistencia activa antifranquista.



El jardín colgante


Javier Calvo. Seix Barral

Unha brillante parodia sobre a España da Transición.

La juguetería errante

Edmund Crispin. Impedimenta

Certo día o poeta Richard Cadogan encontra o cadáver dunha muller no chan dunha tenda de xoguetes, en Oxford, pero para cando volve ao lugar do crime acompañado da policía xa non están nin a tenda nin o cadáver. Intriga e humor inglés.



Laura no deserto

Antón Riveiro Coello. Galaxia

Unha historia que abarca varias décadas e recrea as vicisitudes dun grupo de persoas que quedan marcadas pola Guerra Civil e os anos posteriores.





El lector de Julio Verne

Almudena Grandes. Tusquets
Novela narrada en primeira persoa, relata a vida dun neno de nove anos en plena Guerra Civil en Jaén. Fillo dun garda civil, non quere ter a mesma profesión que o seu pai e comeza a tomar clases de mecanografía. Ao mesmo tempo descobre os libros fantásticos de Julio Verne en contraposición co momento tan duro que lle toca vivir.


Unha lectora fóra do común

Alan Bennett. Rinoceronte
Unha boa campaña de promoción lectora por parte dun servente da raíña Isabel II, converte a esta noutra persoa moito máis segura de si mesma.



A lei das ánimas: a novela da Santa Compañía

Carlos G. Reigosa. Galaxia
A investigación dun crime violento trae de novo a escena ao detective Nivardo Castro e ao xornalista Carlos Conde que xa teñen protagonizado novelas anteriores de Reigosa.



Leopardo son

Pilar Pallarés. Espiral Maior
Un novo poemario de Pilar Pallarés, unha autora xa consolidada no panorama literario galego.

Libertad

Jonathan Franzen. Salamandra
A través dunha familia de clase media do Medio Oeste americano, Franzen aproveita para falar sobre a familia, as relacións amorosas, a ecoloxía, a sociedade actual...

Los Living



Martín Caparrós. Anagrama
Premio Herralde de novela.
A narración achégase ao tema da nosa relación coa morte, cos mortos e a súa desaparición das nosas vidas.

Longa noite de pedra

Celso Emilio Ferreiro. Auga
Edición bilingüe (galego-castelán) desta emblemática obra de Celso Emilio no centenario do seu nacemento.

Lume de cobiza

Miguel Anxo Fernández
Cuarta entrega da saga do detective Frank Soutelo que se desenvolve en Galicia coincidindo coa vaga de incendios que tiveron lugar no verán do ano 2006.





Los mejores poetas americanos contemporáneos

Manuel Brito. Ediciones Literarias Mandala

Selección de poetas e poemas cunha breve introdución en cada caso.

Monbars o Exterminador

Hixinio Puentes. Xerais

IX Premio Eixo Atlántico de Narrativa Galega Portuguesa, 2006

Novela de aventuras, na que o seu protagonista, Monbars, no século XVII, nos achega aos grandes piratas do Mar Caribe.

Un mundo aparte

Gustaw Herling-Grudzinski. Libros del Asteroide

Novela autobiográfica sobre os anos que o autor pasou nun campo de traballo soviético.

No abras los ojos

John Verdon. Roca

Outro caso de Dave Gurney, protagonista de «Sé lo que estás pensando», que nesta ocasión ten que descubrir quen é o artífice do brutal e sinistro asasinato dunha noiva durante o seu propio banquete de vodas diante de centos de invitados/as que non viron nada.



Obediencia

Antón Lopo. Galaxia

Galicia, século XXII. O goberno da República Galega perdeu o dominio de todo o territorio e centra a súa acción na capital, Compostela.



Once máis 15: poemas musicados

Cumio

Poemas de diversos autores galegos musicados por diferentes grupos musicais.



Pan negro

Emili Teixidor. Booket

Andrés, fillo dun perdedor, medra nos duros anos da posguerra. Tempos de medo, xogos, de pan con viño e azucre... de pan negro.

Reina Lucía

E. F. Benson. Impedimenta

Lucía vive nunha pequena vila onde conta cunha gran influencia social pero ve como abanea a súa posición na comunidade cando aparece unha rival sen escrúpulos. Sátira sobre a burguesía rural británica de principios do século XX.





Reloj sin manecillas

Carson McCullers. Seix Barral
Un vello xuíz, o seu neto adolescente, un mozo negro e un farmacéutico desafiuzado polos médicos cruzan os seus destinos nunha cidade do sur estadounidense marcada polo racismo e as inxustizas sociais.

Riofero

Xelís de Toro. Xerais
Preséntanos vidas fracasadas e outras aventureiras, con lendas e pantasma, todo en torno a un río que marca a dirección.

Salgada

Andrea Porto. Fervenza
Este poemario dotado dunha gran musicalidade serve para recuperar o «sal da infancia» se é que o temos perdido.

Los sauces de Hiroshima

Emilio Calderón. Planeta
Anos despois da Segunda Guerra Mundial, un inspector de policía xaponés tense que enfrontar aos asasinatos duns superviventes de Hiroshima. Un paseo por unha cultura milenaria mesturada con tinguaduras contemporáneas.



El secreto de la orquídea

Lucinda Riley. Plaza y Janés
Volver ás lembranzas da nenez nos xardíns dunha mansión inglesa fai que a protagonista se tope co seu pasado e cos secretos da familia dona da propiedade. Unha viaxe desde a Inglaterra de mediados do século XX ata a actualidade pasando pola Tailandia do final da Segunda Guerra Mundial.

Ser auga, darse en auga: medio século, 1958-2008

Bernardino Graña. Centro Pen de Galicia
Escolma de poemas a cargo de Miro Villar.

Soy un gato

Natsume Soseki. Impedimenta
Aventuras dun gato que vive na casa dun profesor e a súa familia no Xapón de principios do século pasado, contadas en primeira persoa e con moito humor.

La tejedora de sombras

Jorge Volpi. Planeta
Cando se encontran en Nova York en 1925, Henry Murray é un ambicioso médico de Harvard, casado cunha muller de boa posición social e Christiana Morgan unha estudante de arte casada cun veterano de guerra...




Una temporada para silbar

Ivan Doig. Libros del Asteroide
1909. Oliver Milliton, un viúvo con tres fillos que vive nunha granxa en Montana, contrata unha viúva nova para que lle axude nos traballos da casa e cos nenos.

La tienda de los suicidas

Jean Teulé. Bruguera
Os Tuvache dedicados durante xeracións a vender produtos para suicidas (cordas, armas...) atópanse cun problema: o fillo máis novo é alegre e amante da risa. Unha novela moi divertida.

Carlos G. Reigosa
Tras da Corda



Tras da corda

Carlos G. Reigosa. Xerais
Recompilación de contos que teñen como protagonistas os homes e as lendas dese espazo do norte de Lugo.

Tres versións

Manuel Lourenzo. Laiovento
Tres pezas de teatro sobre textos clásicos: As troianas, a partir da traxedia de Eurípides; O salto do puma, inspirada en A illa do doutor Moreau, de Hugo G. Wells e Transilvania, un drama musical sobre os primeiros capítulos de Drácula, de Bram Stoker.



Un último destino

Xosé Carlos Caneiro. Galaxia
*Elisardo Buenaventura volta a Dal-
mara, o lugar onde se criou, para
reencontrarse coa súa xente.*

Valentín Paz-Andrade. Antoloxía

Valentín Paz-Andrade. Editor litera-
rio Xan Carballa. Galaxia
*Selección de textos que recolle os
seus principais escritos como poe-
ta, xornalista e ensaísta, ademais
dunha breve biografía e unha intro-
ducción á obra literaria.*

Vía secundaria

An Alfaya. Xerais
*Un atropelo sucedido nun polígono
industrial vai marcar a vida das
persoas que se viron implicadas nel.*

X

Percival Everet. Blackie books.
*Thelonious Ellison, profesor uni-
versitario de raza negra e escritor
erudito de escaso éxito decide escri-
bir baixo pseudónimo unha noveli-
ña sobre un sufrido afroamericano.*

Xuvia-Neda

Vicente Araguas. Xerais
*28 historias breves pero intensas
que supoñen a volta de Araguas ao
eido da narrativa.*





LIBROS DE COÑECEMENTOS PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

Las 22 mejores Escapadas por España

Francesc Ribes e outro. El País Aguilar

Rutas de fin de semana pola Península, Baleares e Canarias con mapas e todo tipo de información práctica.



50 años de pop, rock e malditismo na música galega

Fernando F. Rego. Toxosoutos
Recompilación do mellor do pop-rock galego desde os seus albores. Un dobre CD acompaña ao texto dando a posibilidade ao lector/a de escoitar algúns dos temas fundamentais do xénero.


As 50 aves máis comúns

Xosé M. Penas Patiño, Carlos Pedreira López e Calros Silvar. Baía
Guía das aves máis comúns en Europa Occidental con ilustracións a toda cor de grande axuda para o lector.

1000 lugares únicos

VVAA. Geoplaneta

Guía que nos ofrece 1000 lugares únicos do planeta agrupados por temas: fenómenos naturais, estacións subterráneas, obras de arte ou edificios sorprendentes.



Actividad física adaptada: el juego y los alumnos con discapacidad

Mercedes Ríos Fernández e outros/as. Paidotribo

Un libro interesante para todos aqueles que traballen con nenos/as con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.

Antártida, la vida en el límite: las expediciones Bentart

VV.AA. Hércules

Recompilación dos traballos de investigación feitos por científicos españois na Antártida, con magníficas fotografías de paisaxes e fauna antártica. Contén un DVD co documental Antártida, la vida en el límite.



Antonio López: pintura y escultura

Francisco Calvo Serraller. Prólogo de Miguel Delibes. TF editores


Recole obras fundamentais de toda a súa carreira. Reprodúcense 130 obras entre pintura e escultura entre as que destacan as súas célebres vistas de Madrid.



Aristóteles y un armadillo van a la capital: las mentiras de los políticos analizadas con humor

Thomas Cathcart, Daniel Klein.
Planeta

De xeito entretido e divertido, os autores analizan os discursos dos políticos, moitas veces cheos de palabras pero baleiros de contido.




Atlas geopolítico de Le Monde Diplomatique

UNED

Para coñecer un pouco mellor o mundo que nos rodea.

Bases para unha alimentación equilibrada

Coordinadores Victor M. Rodríguez Rivera e Edurne S. Magro. Netbiblo
Unha alimentación equilibrada é a base do noso benestar físico. Este libro axudaranos a entender mellor diversos aspectos dietéticos e nutritivos.



Las brujas ¡vaya timo!

Manuel Bear. Laetoli
O periodista Manuel Bear analiza o fenómeno da bruxería ao longo da historia e a súa existencia nos nosos días.



Clint Eastwood. Biografía

Patrick McGilligan. Lumen

O autor é un dos biógrafos máis respectados do mundo do cine. Neste caso ofrécenos un retrato onde nos descubre ao home que hai detrás da careta cinematográfica.

Cociñando ao pé da letra: entra na literatura galega... ata a cociña

Yolanda Castaño e Andrea Costas. Galaxia

Un orixinalísimo libro onde se amosan parte das figuras actuais da literatura galega como cociñeiros, e entre potas ensínannos a facer os pratos das súas nais, á vez que gozamos das súas letras.

La comida de la familia: coma lo que se comía en el Bulli de seis y media a siete

Ferran Adrià. RBA

Libro con 31 menús que se preparaban cada día en El Bulli para todo o equipo de cociña. Como elixir os produtos, conxelalos, elaborar salsas..., todo explicado con numerosas fotografías e a prezos razoables.



Diarios (1862-1919)

Sofia Tolstói. Alba editorial

Ampla selección dos diarios de Sofia Tolstói que axudan a coñecer mellor á muller de León Tolstói.



Educar con sentido común

Javier Urra. Aguilar

Guía práctica e completa para orientar a nais e pais na educación dos seus fillos desde os primeiros días de vida do bebé ata a adolescencia.

Grandes aventureras

Alexandra Lapierre. Blume

Biografía de trinta e unha mulleres, de diferentes nacionalidades, exploradoras de todo o mundo. Mulleres que decidiron viaxar, que abandonaron a súa casa e o seu país para coñecer outras terras e costumes, unhas que decidiron escribir e contar o que vían, outras que por amor abandonaron a súa pracenteira vida. As grandes aventureiras son mulleres que querían ser xeógrafas, botánicas, etnólogas, antropólogas, etc.

Libro de gran formato, con moitas ilustracións e fotografías de lectura amena é entretida.



Guía de cogomelos dunares do litoral atlántico galego

José Manuel Castro Marcote. Cumio
Descrición de diversas especies fúnxicas dos areas atlánticos galegos.



Guía das libélulas de Galicia

Miguel A. Fernández-Martínez. Baía Cabalos do demo, gaiteiros, quitao-llos... *esta guía axudará aos amantes da natureza a identificar e recoñecer as libélulas de Galicia.*

Juegos y deportes populares tradicionales

Pere Lavega Burgués. Inde

Un repaso dos xogos tradicionais, a súa orixe, evolución e conversión en deportes, así como a súa aplicación educativa.

El lado oscuro de la red

Misha Glenny. Destino

O autor amósanos a facilidade que teñen os cibercriminais para poder acceder a nós a través da rede. Glenny denuncia os insuficientes medios policiais e o confiados/as que somos ao introducir no mundo virtual todos os datos e detalles da nosa vida.



O latexo da vida e da conciencia: memoria colectivas de Rafael Pillado

Rafael Pillado. Asociación Fuco Buxán.


Publicado polo 40º aniversario dos sucesos do 10 de marzo de 1972, as memorias de Rafael Pillado supoñen unha das achegas máis valiosas á memoria das loitas obreiras durante a ditadura franquista.



O lecer das augas: historia dos balnearios de Galicia 1700-1936

Luís Alonso Álvarez, Elvira Lindoso Tato e Margarita Vilar Rodríguez.
Galaxia

Para coñecer mellor os inicios e desenvolvemento do termalismo en Galicia.



Lingua de calidade

Xosé Ramón Freixeiro Mato. Xerais
Obra que nos presenta ideas para construír un galego de calidade liberado de interferencias espurias.

Lo mejor de Canadá: para conocer la esencia del país

VVAA. Geoplaneta

Guía de viaxes cos principais puntos de interese para gozar coa visita a este país. Atraccións, itinerarios e un mapa despregable coas rúas de Vancouver.



Mulleres da emigración

Lois Pérez Leira. Grupo de Comunicación

Con este libro ponse nome e rostro a tantas mulleres anónimas que por distintos motivos destacaron na emigración pero tamén serve para reivindicar nel a todas as nosas emigrantes.

As mulleres en Galicia no século XX

Directores Jesús de Juana López e Julio Prada. Ir Indo


Relevante obra que explica as conquistas femininas no primeiro terzo do século XX; o activismo feminino conservador neses primeiros anos; o novo ideal de muller que, principalmente durante a Segunda República, busca participar nos novos espazos de sociabilidade reclamando os seus dereitos políticos en plena igualdade co home, cunha parte moi interesante sobre o debate arredor do sufraxio feminino; a represión franquista sobre as mulleres; o seu papel na resistencia antifranquista; así como a súa intervención no tardofranquismo e na transición á democracia.

Mulleres na guerrilla anti-franquista galega

Aurora Marco. Laiovento

Un estudo histórico pioneiro sobre a participación da muller nas actividades guerrilleiras en Galiza contra o franquismo. Novidoso pola perspectiva desde a que parte, escrito por unha muller e enfocado a tratar o papel da muller nun proceso sempre caracterizado pola óptica masculina.





A narrativa galega na fin de século: unha ollada crítica dende 2010

Dolores Vilavedra. Galaxia

Análises da narrativa galega actual nas derradeiras décadas do século XX.

Novas receitas da cociña de Larpeiros


Benigno Campos. Galaxia. Contén CD

Máis receitas apetitosas, sas e sinxelas da nosa gastronomía.

O país dos mil ríos: cultura fluvial en Galicia

Xosé Lois Ripalda. Galaxia

Guía para coñecer mellor os ríos de Galicia, así como a arte, cultura e tradicións que os rodean.



Pediatria con sentido común para padres y madres con sentido común

Dr. Eduardo Estivill e Dr. Gonzalo Pin. Plaza & Janés

Trata temas fundamentais na educación dos fillos: alimentación, colexio, educación sexual, xogos etc. desde o nacemento ata a adolescencia.



Que fácil cocinar sen lactosa

Emma Cavallé. Galaxia

Libro de receitas que axudará a facer máis doado o camiño diario da alimentación das persoas intolerantes á lactosa.

¿Qué hace una persona como tú en una crisis como esta?

Leopoldo Abadía. Espasa

O autor proponnos a fórmula para sobrevivir á primeira gran crise do século XXI, ao tempo que resolve moitas das preguntas que nos facemos sobre a economía.

Rutas culturais da Costa da Morte

Netbiblo

Selección de rutas para recorrer a Costa da Morte: de fortalezas, de faros, do románico, dos castros...

Saudar a vida: unha defensa das Humanidades na sociedade do coñecemento

Xavier Seoane. Xerais

Seoane fai unha defensa da cultura humanística nun mundo no que só parecen ter cabida os avances tecnolóxicos e científicos.

Sobre a lectura seguido de Días de lectura

Marcel Proust. Tradución, edición e introdución de Carlos Lema. Trifolium

Este insigne escritor exponnos a súa experiencia de lector e como esa experiencia configura e condiciona a percepción do mundo expresada na súa obra literaria.



Sopas frías e quentes

Mariona Quadrada. Baía


Receitas de sopas desde as máis sinxelas ata as máis sofisticadas.



Todos los niños pueden ser Einstein

Fernando Alberca de Castro. Toromítico

Ensina aos pais e nais a atopar as claves para que o seu fillo ou filla aproveite as súas capacidades: resolver problemas, aprender a pensar..., en definitiva conseguir a suficiente motivación para progresar na sociedade na que vive.



Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX

Tucho Calvo. Biblos

Parte das preguntas realizadas por Tucho Calvo a Valentín Paz-Andrade nunha longa entrevista levada a cabo nos anos oitenta. Narra as vivencias desta persoa que tivo unha importante presenza non só na política galega, senón tamén na cultura e no mundo empresarial. Xosé Díaz realiza a introdución e di «Valentín é un referente icónico da loita por unha Galicia próspera e dona do seu destino». Coa lectura deste libro poderá verse a versión da historia de Galicia do século XX segundo un dos seus grandes protagonistas.

Vela ligera: técnicas y sensaciones

Bertrand Chéret. Juventud
Manual imprescindible para aquellos/as interesados/as na práctica da vela.

Viaxeiros por Galicia

Xan Arias e Andreu Rodríguez. Trifolium
Durante épocas moitos viaxeiros andaron por Galicia. Libro que describe a paisaxe, os costumes... e a riqueza monumental da nosa terra vista por eles.



4 meses 3 semanas 2 días

Cristian Mungiu (director). Cameo Palma de Ouro no festival de Cannes á mellor película. O comunismo dá os seus derradeiros coletazos na Romanía onde unha estudante universitaria necesita atopar alguén que lle practique un aborto



18 comidas

Jorge Coira. Avalon

Unha película que viaxa a través de dezaioito comidas –entre almorzos, comidas e ceas– que nos fan partícipes de algúns deses intres que poden cambiar unha vida. Dirixida polo lucense Jorge Coira e interpretada –entre outros e outras– por Luis Tosar.

Alicia en el país de las Maravillas

Dirixida por Tim Burton, con Mia Wasikowska, Johnny Depp, Anne Hathaway, Helena Bonham Carter e Michael Sheen. Disney

Tim Burton coa súa peculiar estética e xeito de narrar cóntanos o que pasaría se Alicia, xa moza, volveuse ao famoso país.

A biblioteca da iguana

Antón Dobao. Ficción Producciones
Baseada no texto orixinal de Xosé Miranda, estamos ante unha obra de intriga que propón unha enigmática viaxe á propia literatura, na que a realidade está a ser alterada. Ao modificaren os textos, a historia, a prensa, xa non será posible discernir entre o real e o inventado.



O bosque de levas


Antón Dobao. Ficción Producciones
Baseada na novela de Alfonso Álvarez Cáccamo. Lucía e Alberte, xunto aos seus tres fillos adolescentes, levan unha vida tranquila e harmónica nunha urbanización da periferia urbana, ata que comezan a suceder cousas estrañas, desaparicións, sons de procedencia incerta...



Buscando a Eric

Ken Loach. Cameo Media
O antigo dianteiro do Manchester United, o francés Eric Cantona convértese no conselleiro pantasma que axuda a un funcionario de correos en apuros a reconducir a súa vida. Un canto máis optimista á forza do conxunto sobre a individualidade.





Chico & Rita

Fernando Trueba, Javier Mariscal.
Magic Light Pictures
Película de animación ambientada na Habana e Nova York nos anos 40 e inspirada na figura do pianista Bebo Valdés. Chico é un pianista novo con grandes soños e esperanzas, Rita é unha fermosa cantante cunha belísima voz. A banda sonora reflicte a era dourada do jazz cubano.

Cisne negro

Darren Aronofsky. Twentieth Century Fox Home Entertainment España
A historia dunha bailarina premiada ata o agotamento pola súa compañía de ballet e a súa nai para así acadar o éxito. Darren Aronofsky propón unha viaxe psicolóxica da man de Nina, unha intérprete clásica escrupulosamente meticolosa cunha vida obsesivamente dedicada en corpo e alma á danza. Disponible tamén en formato Blu-Ray.



Cosas que diría con sólo mirarla

Rodrigo García. Manga Films
Fermosa e emocional galería de retratos femininos. Cinco historias curtas cruzadas trenzadas con orixinalidade e mestría nas que destacan unha serie de diálogos intelixentes e intensos. O responsable desta posta en escena é o director Rodrigo García, fillo do escritor colombiano Gabriel García Márquez.

Descubriendo a Forrester

Gus Van Sant. Sony Pictures Home Entertainment

William Forrester é un escritor gañador do Pulitzer que leva anos sen publicar e totalmente afastado da vida pública. A súa vida cobra novos ímpetos cando coñece casualmente a Jamal, un mozo namorado da literatura. Esta película inspírase libremente en aspectos da vida do escritor norteamericano J. D. Salinger.

Don Giovanni

Joseph Losey, Wolfgang Amadeus Mozart. Sherlock Home Video
Adaptación cinematográfica da célebre ópera baseada no mito literario universal de Don Xoán. En opinión de Wagner, estamos ante a ópera máis perfecta xamais escrita, filmada neste caso en Vila Rotonda, na cidade de Vincenza. Edición en 3 DVD.



An Education

Lone Scherfig. Sony Pictures Home Entertainment

Unha historia de amor e rebeldía no Londres de 1962 escrita por Nick Hornby e levada ao cine pola directora danesa Lone Scherfig. Cunha banda sonora de gran calidade, desborda paixón pola vida, empurrándonos a saír á rúa e namorarnos, a entender a vida como un gozo, pero sen esquecer entendela coas súas causas e consecuencias.





Elvis On Tour

Pierre Adigde. Warner Bros. Entertainment España

Os anos setenta son os anos no que o cantante de Tupelo deixou literalmente a vida no escenario nun interminable «tour de force» que remataría coa súa carreira e finalmente, coa súa vida. Filmada no ano 1972, esta crónica dunha serie de concertos na cidade de Las Vegas, amosa ao Rei nun momento álxido de popularidade pero tamén nun concepto de espectáculo moi afastado da rebeldía xuvenil dos seus inicios.

Llamando a un ángel

Pancho Rodríguez, Héctor Rodríguez e Rodolfo Guzmán. Cameo Media

Comedia dramática mexicana arredor dunha serie de persoas cunha gran carga de soidade e un desexo profundo de seren queridos. Ópera prima desta tríada de directores que presenta tres historias enlazadas a través das chamadas que realiza Fátima, unha muller que anos despois de casar, decide buscar o que realmente é o home da súa vida.



Lou Reed's Berlin

Julian Schnabel. Manga Films

A finais de 2006, o neoiorquino Lou Reed interpretou por primeira vez en directo e integramente o seu mítico álbum «Berlín», publicado orixinalmente en 1973 e considerado un fracaso comercial pero un triunfo artístico. Julian Schnabel, director de «La escafandra y la mariposa» encárgase de filmar o concerto no que o cantante rodéase de trinta músicos e voces.




Luz que agoniza

Dirixida por George Cukor, con Ingrid Berman, Charels Boyer e Joseph Cotten. Turner Entertainment e Warner Bros

Unha xoia do cine de suspense e de terror psicolóxico. Cando te namoras dun home que non é o que parece e que quere levar a súa dona á loucura.





Mar libre

Dani de la Torre. Ficción
Producciones

Miniserie de corte histórica premiada entre outros no Euro Film Festival de Marbella e producida pola TVG. As primeiras conserveiras en Galicia instálanse no século XVIII coa chegada dos emprendedores cataláns. Un deles ten sometida unha vila aos seus caprichos e Anxo, fillo dun pescador da vila, rebelarase contra esta situación, enfrontándose a el. Aventuras, acción e romance nunha serie ambientada en Carnota, Muros e a illa de Sálvora.

La nueva Europa de Michael Palin


Divisa Home Vídeo. BBC

Michael Palin, famoso actor británico exintegrante de Monty Phytton, fai un percorrido ao longo de 20 países da Europa Oriental, desde Estonia a Turquía. A serie comprende 7 episodios divididos en 2 DVD.

Océanos

Jacques Perrin, Jacques Cluzaud.
Vértice Cine

O documental máis ambicioso xamais filmado nas profundidades do mar. Estamos ante unha viaxe que levou dez anos de produción e que nos leva polos cinco océanos do planeta para descubrir especies non filmadas con anterioridade.



The Pacific

Carl Franklin, etc. Warner Bros.
Entertainment España

Ao igual que «Band of brothers», esta miniserie producida por Steven Spielberg e Tom Hanks narra as experiencias dun grupo de soldados norteamericanos, só que neste caso trasladámonos ao «Teatro do Pacífico» nun período de catro anos de guerra contra o Xapón imperial. Trátase da serie máis cara da historia da televisión.

Para todos los gustos

Agnès Jaoui. Manga Films

Unha película fresca e limpa, ópera prima da actriz e guionista Agnès Jaoui sobre a necesidade de eliminar os prexuízos que, en moitas ocasións, nos dividen. Tamén é un filme sobre o teatro, ou sobre o teatro como escenario da nosa representación cotián.





As silenciadas

Pablo Ces. MrMisto Films

Premio Mestre Mateo 2011 ao mellor documental.

Seis historias da vida das guerrilleiras do monte e da chaira que colaboraron con dúas organizacións que operaron en Galicia na década dos 40. A partir de testemuños orais das protagonistas que aínda viven, preténdese recuperar a memoria histórica destas mulleres que operaron na clandestinidade e en moitos casos foron represaliadas.

Up in the air

Jason Reitman. Paramount.

Ryan Bingham pasa a vida de avión en avión polo seu traballo, cando coñece a outra pasaxeira pola que se sente atraído e comeza a considerar outro tipo de vida máis estable.

CD AUDIO PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS



BIELOLEIROS

Afreecanos

Omar Sosa. Otá Records

A versatilidade do multiinstrumentista nado en Camagüey dá como resultado un sobresaínte exemplo de jazz afrocubano que fusiona músicas do mundo e elementos electrónicos. Colaboracións provenientes de Mali, Mozambique e Marrocos entre outros. «Afreecanos é, segundo di el mesmo «unha oda a África. Somos fillos dunha mesma nai e sempre estaremos conxuntados nunha esencia, concepción e orixe».



Cru

Seu Jorge. Naïve

Segundo álbum do actor –foi protagonista da aclamada «Cidade de Deus»– e músico brasileiro Seu Jorge no que mestura pop, samba, hip hop e influencias europeas con naturalidade e sensibilidade urbana. Fillo das favelas de Río de Xaneiro, a súa tenacidade e compromiso político reflicten a súa experiencia persoal e afloran con sensibilidade a través de temas de amplo rango sonoro e rítmico.





Elephant

The White Stripes. XL Recordings
O dúo de Detroit presenta o seu rock antigo sen excesivos adornos e de factura espartana que identifica a súa curiosa fórmula de voz, batería e guitarra. O respecto pola música tradicional norteamericana inclúe galanteos co blues e algunha que outra perla countrypop.

Exodus

Bob Marley & The Wailers. Universal Island Records

No ano 1999, a revista «Time» considerou este álbum como «o mellor do século XX». Consideracións á parte, este disco aparece cando Marley xa é un ídolo en Xamaica, recibindo inmediatamente unha morea de críticas entusiastas. Como curiosidade, o propio Marley acababa de sufrir un intento de asasinato cando gravou o disco en Londres, a principios de 1977.



Fifth Dimension

The Byrds. Sony Music Entertainment
Unha das pedras angulares do nacente movemento psicodélico dos anos sesenta na costa oeste norteamericana, *Fifth Dimension* xa indica a través do seu título unha experiencia musical profunda e intensa. Combinando con mestría sons folk-rock con influencias do jazz libre e John Coltrane, The Byrds acadan a maioría de idade con seu álbum máis «serio» e influínte.



A fronda dos cervos

Doa. Folmúsica

O quinto disco desta veterana formación, tras nove anos de paréntese, supón tematicamente un novo achegamento á lírica medieval galego-portuguesa, tomando como partida a música das Cantigas de Alfonso X á que se engaden textos das cantigas de escarnio e maldizer. O pasado mes de xaneiro o disco entro no número 20 das listas de World Music Charts Europe.

Genes & Jeans

Noa. Universal Music Spain


A artista israelí Noa presenta unha viaxe sonora ás orixes iemenís da súa familia, nunha procura dos valores aprendidos ao longo da súa experiencia vital que se desenvolverá desde o seu país de orixe ata os Estados Unidos e Israel. As cancións deste disco son unha engaiolante fusión de inglés, hebreo e iemení, baladas apaixonadas e atraentes ritmos orientais.



Gold

James Brown. Polydor. Universal International Music

Extenso e intenso recompilatorio da obra de Brown entre os anos 1957 e 1985 no que podemos observar a súa evolución como intérprete de áspero «rhythm and blues» a pioneiro do «soul», expandindo a súa forza sonora a través do dinámico «funky» que sentará as bases do ruturista «hip hop». O irresistible Brown, xenio da escena e intérprete muscular, retrátase a través dunha viaxe antolóxica de corenta temas imprescindibles.



Highway 61 Revisited

Bob Dylan. Sony Music Entertainment
Dylan é o responsable directo do cambio musical xurdido a mediados dos anos sesenta. A súa triloxía comezada ese mesmo ano 1965 con «Bring It All Back Home» e rematada ao ano seguinte con «Blonde On Blonde» supón a mutación do artista folk en artista pop, electrificando totalmente o seu son e de paso agraviando a multitude de puristas. Contén o mítico tema «Like a rolling stone», a historia dunha moza ben convertida en esmoleira.

Kind of Blue

Miles Davis. Sony BMG Entertainment

Unicamente cinco temas orixinais cos que se inicia unha nova era no jazz, punto de partida esencial do que se chamaría Jazz modal, música libre de formas e harmonías fixas e preconcebidas. Unha música que flúe doadamente nun aparente ton relaxado pero plenamente arriscada no seu concepto. Os músicos elixidos por Davis amósanse no seu punto máis álxido como intérpretes, dando lugar a un momento musical inesquecible.

Kosmogonías

Berrogüetto. Berrogüetto Música
Quinto álbum do grupo que significou o punto de inflexión dentro da música galega debido á súa paixón polas pautas tradicionais ás que incorporan a experimentación máis moderna. Estamos ante un disco delicado e fermoso, de sons orgánicos que propón unha reflexión entre a humanidade e a súa relación co universo.



Nebraska

Bruce Springsteen. Sony Music Entertainment

Ao longo de varios días na súa casa de Colts Neck en New Jersey, e apenas provisto dunha guitarra e harmónica, Springsteen compuxo o que inicialmente serían maquetas para o vindeiro disco da súa E Street Band. Finalmente o seu «mánager» propuxo que fose editado como tal, áspero e honesto, limpo e caseiro. De resultas temos un disco liricamente austero, con temáticas sombrías sobre a mala sorte, o crime, os problemas entre pais/nas e fillos/as. Un canto case silandeiro pero divino na súa nudez.



A órbita da banda hipnótica

Lamatumbá. Discmedi Blau
Probablemente o grupo galego máis ecléctico. Lamatumbá naceron aló polo 1998 forxándose unha ampla experiencia en salas, festas e festivais de toda Galicia e ofrecendo unha mestura inesperada de ritmos que invitan descaradamente ao movemento e á festa. Éste é o seu último disco dun grupo cuxo directo xa ten traspasadas as fronteiras galegas.

Sparkle In The Rain

Simple Minds. Virgin Records

Tras varios anos – principios dos anos oitenta - nos que a carreira dos escoceses deu sobradas mostras de creatividade e capacidade innovadora, realizan a súa primeira achega a sons máis aguerridos e claramente influenciados polo seu contrapunto irlandés U2. Para moitos foi unha aposta excesivamente conservadora, pero artisticamente non pode negarse o vigor e a enerxía que desprenden temas como «Waterfront» ou «Speed your love to me».

Tonight

Franz Ferdinand. Domino Records
O terceiro álbum dos escoceses inténase en territorios máis eclécticos: psicodelia, sons de inspiración africana, sons acústicos pero por enriba de todo pop coa súa característica angularidade no tratamento das guitarras e temas plenamente bailables como «Michael» ou «Do you want to» nunha proposta conceptual de ambiente nocturno e desenfadado: unha noite con Franz Ferdinand.



Want Two

Rufus Wainwright. Geffen Records
*Segundo volume da serie «Want» do intérprete canadense. Arroupa-
do por orquestración e arranxos de
corte barroco e cunha clara inten-
ción de teatralizar os textos, a súa
suave voz debulla cortes de ton ro-
mántico e melancólico. Un talento
innegable que teremos a oportuni-
dade de gozar na súa vindeira visi-
ta a Galicia no mes de xuño.*





Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



SISTEMA DE BIBLIOTECAS
PÚBLICAS MUNICIPAIS
DO CONCELLO DE OLEIROS

Catálogo das bibliotecas:
<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>